


4º a 6º

ACTIVIDADES

1. O SONO DE MARGARITA A PIRATA.

Autora: María Domínguez Márquez.

Sinopse: Margarita está cansa de ser pirata e decide acadar o seu soño: convertirse nunha gran meiga. Para iso terá que traballar moito y loitar por conseguilo.



a) Tras a lectura do conto, contestar a preguntas do tipo: Que esforzo tivo que realizar Margarita para conseguir o seu soño? Que farías ti no seu lugar? Cres que os nenos teñen máis oportunidades para ser piratas ou meigos que as nenas? Cal pode ser a razón? Posta en común para extraer conclusións.

b) -Pequeno grupo- Confección dun listado co título: EN QUE SE DISCRIMINAN AS NENAS? (exemplos: as nenas no xogan ao fútbol, iso é de nenos; as tarefas da casa son para as nenas;...)

c) -Gran grupo- Elaborar un mapa conceptual que recolla as situacións de discriminación. A continuación, arredor de cada situación discriminatoria escriben (chuvia de ideas) propostas de cambio.

d) Visionado do vídeo "Niñas protagonistas del cambio"


<https://www.youtube.com/watch?v=BStGx5pdHo0> no cal se amosan exemplos de nenas que realizan diferentes accións para trocar situacións inxustas.

e) -Gran grupo- Tras o vídeo o alumnado aportará máis accións, completando así o mapa conceptual. Elaborarase un proxecto conxunto para iniciar algunha acción promotora de cambio expresada anteriormente. Exemplo: crear dúas equipas mixtas de fútbol co alumnado da clase.

3. COÑECES A OLIMPIA DE GOUGES?

a) Actividade individual- Completar a seguinte táboa.

¿CRES QUE AS MULLERES AO LONGO DA HISTORIA TIVERON OS MESMOS DEREITOS QUE OS HOMES PARA...?		
	SI	NON
VOTAR		
IR Á ESCOLA		
ESCRIBIR O QUE PENSABAN		
ESTUDIAR NA UNIVERSIDADE		
CASARSE LIBREMENTE		
RECIBIR AS MESMAS MATERIAS		



b) Tras o baleirado de respostas, posta en común argumentando con exemplos as razóns das mesmas.

c) Recollida de máis información a través de internet sobre algunhas mulleres que loitaron por algúns dereitos da táboa anterior

Ejemplo: Olimpia de Gouges, que en 1791 esixiu para as mulleres os mesmos dereitos que para os homes.

Información sobre a súa vida: no conto infantil "¿Conoces a Olimpia de Gouges?" Olimpia de Gouges. Autora: Mª Eugenia Fernández Fraile

QUÉ QUERES SER DE MAIOR?

- 1- Iniciar un pequeno debate sobre que profesións se asignan a nenos ou nenas.
- 2- Visualizar o seguinte vídeo Super Pepo ¿Y qué quieres ser de mayor?

https://www.youtube.com/watch?v=n4kHZgkks_c

Analizar despois as razóns por que tanto as nenas como nenos poden ou non, exercer determinadas profesións, se é posible con exemplos que eles recoñezan.

- 3- Mural con mulleres que ao longo da Historia destacaron nalgunha profesión considera de "homes". Poden axudarse dos Calendarios do STEG de outros anos: <http://www.steg.gal/muller/contidos.asp?cid=18&ssid=121>

2. MALALA SÍ QUE MOLA.

Cóñecerán a vida dunha das loitadoras máis xoves defensoras da educación das nenas en Paquistán, que pola súa labor foi galardonada Premio Nobel da Paz en 2014.

a) Lectura do conto infantil "Conociendo a Malala: una luchadora de Nobel"

<http://www.educapèques.com/cuentos-infantiles-cortos/otros-cuentos/cuento-infantil-malala-una-luchadora-de-nobel.html>

b) -Pequeno grupo- Lectura do cómic en inglés sobre a vida de Malala



<http://zenpencils.com/comic/104-malala-yousafzai-i-have-the-right/>

Cada grupo elaborará un breve resumo sobre a vida de Malala con posterior posta en común para valorar a importancia da súa loita polo dereito das nenas á educación no seu país.

c) Debate sobre a pregunta: 'Se na túa cidade as nenas non puideran ir ao colexio: Que farías ti para mudar esta situación?'

d) Que significa para ti a frase.....?

OLIMPIA DE GOUGES 'Se unha muller ten dereito de ir á guillotina, tamén ten dereito a subir á tribuna'

